



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Número 619  
3 de abril de 2020



CSV: BOPGDSPGbb4fg50Zj39

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.3. Asuntos económicos e contratación

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 2 de abril de 2020, sobre os procedementos de contratación e os contratos en execución no Parlamento de Galicia con motivo da declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 [201403](#)



## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.3. Asuntos económicos e contratación

#### **Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 2 de abril de 2020, sobre os procedementos de contratación e os contratos en execución no Parlamento de Galicia con motivo da declaración do estado de alarma polo RD 463/2020**

A situación de emerxencia xerada pola evolución do coronavirus COVID-19 (SARS-CoV-2) levou o Goberno a aprobar o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 67, do 14 de marzo).

A realidade dos feitos e a rápida evolución da enfermidade, e a posta en práctica de medidas de indubidable impacto na vida social e económica dos cidadáns, obrigou á incorporación de correccións, aclaracións e modificacións, e decretáronse novas medidas.

As disposicións derivadas do estado de emerxencia e as medidas tomadas polas distintas Administracións afectan tamén as empresas coas que se teñen formalizados contratos e, consecuentemente, os traballadores destas. E afectan tamén os expedientes de contratación en tramitación, en calquera fase anterior á súa execución.

É preciso dotar de certeza e seguridade xurídica os nosos procedementos administrativos e a nosa contratación administrativa, polo que, respectando as peculiaridades propias da nosa administración, é necesario deixar claro que os procedementos e mais a contratación administrativa do Parlamento de Galicia se someten, no que lles resulte aplicable, ao Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, provocando, en consecuencia, os efectos derivados da súa directa aplicación, e adoptar certas medidas respecto dos procedementos en trámite e dos contratos en vigor na Administración do Parlamento de Galicia, para adaptalos ás medidas impostas pola declaración do estado de alarma.

O apartado 3 da disposición adicional terceira do RD 463/2020 establece que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

O artigo 34 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE nº 73, do 18 de marzo), establece que os contratos públicos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva, vixentes no momento da entrada en vigor do Real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao sector público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, quedarán automaticamente suspendidos desde que se producise a situación de feito que impide a súa prestación e ata que a dita prestación poida renovarse. Entenderase que a prestación pode



renovarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñesen impedindo, o órgano de contratación lle notifique ao contratista o fin da suspensión.

Os procedementos de contratación actualmente en trámite no Parlamento de Galicia sobre os que a Mesa acordou o seu inicio e que non se atopan finalizados, e por tanto afectados polo disposto no RD 463/2020, son os seguintes:

Expte: SRI-NSP-1-2020.

**Obxecto:** Redacción do proxecto básico e de execución, e dirección de obra da remodelación da recepción de visitas e humanización e mellora da accesibilidade para unha sede aberta do Parlamento de Galicia.

**Estado:** Mediante Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de marzo de 2020, ordenouse requirirllle ao único licitador concorrente a documentación preceptiva á adxudicación, estando pendente, no momento da entrada en vigor do RD 463/2020, a antedita notificación. O avanzado estado de tramitación deste expediente e a particularidade de que os trámites inminentes que se deben levar a cabo son de sinxelo cumprimento por parte do único licitador (pode realizalos electronicamente), permite incluír este procedemento na circunstancia prevista no apartado 3 da disposición adicional terceira do RD 463/2020, polo que, de solicitar e obter conformidade do interesado en que non se suspendan os trámites, podería determinarse a continuación da súa tramitación ordinaria, permitindo así avanzar nun expediente de cuxa resolución depende que posteriormente se inicie e tramite un novo expediente para a adxudicación das obras correspondentes.

Expte: STI-NSP-2-2020.

**Obxecto:** Subministración de computadores portátiles para a XI lexislatura.

**Estado:** O contrato foi adxudicado a Sivsa Solucións Informáticas, S.A.U. mediante Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento do 2 de marzo de 2020. O acordo de adxudicación foi publicado na plataforma de contratos públicos de Galicia (perfil de contratante) e notificado a licitadores o 4 de marzo de 2020; atopábase, polo tanto, no momento de entrada en vigor do RD 463/2020, en prazo para a interposición do recurso especial en materia de contratación, a cuxo termo, sen que se interpoña recurso, debe formalizarse o contrato.

Expte: STI-PA.STA-3/2020.

**Obxecto:** Subministración e servizo de mantemento dun sistema de alimentación ininterrompida.

**Estado:** Este procedemento foi iniciado por Acordo da Mesa de Deputación Permanente do 13 de marzo de 2020; no momento da entrada en vigor do RD 36/2020 non se executara aínda o Acordo da Mesa de Deputación Permanente. Por tanto, o expediente non foi publicado nin en plataforma de contratos públicos de Galicia (perfil de contratante), nin na plataforma de licitación do Parlamento, e, por tanto, non se iniciou o prazo para presentación de proposicións.

Respecto dos contratos vixentes en execución, tendo en conta que o Plan de continxencia do Parlamento de Galicia ante posibles contaxios de coronavirus SARS-COVI-19 nos centros de traballo



da Cámara, aprobado pola Mesa da Deputación Permanente do 13 de marzo de 2020, establece, no seu punto 3, que se consideran actividades esenciais as desenvoltas por todos os servizos e unidades que integran a Administración parlamentaria e unha vez consultados os responsables de cada contrato, con carácter xeral e salvo o contrato que se refire máis adiante, non se considera que a súa execución resulte imposible durante o estado de alarma, sen prexuízo de que se adapten ás medidas de prevención impostas polas autoridades sanitarias e se garanta a prestación do servizo ou subministración, segundo o caso, en termos de certa normalidade, sempre e cando as adaptacións non supoñan o incremento ou redución de prestacións ou se mude a data da súa execución.

Por todo iso, adoptáronse as medidas oportunas de adaptación ás circunstancias derivadas da declaración do estado de alarma, comunicándoselles aos contratistas estas medidas e indicándolles que deberán seguir prestando os servizos nas condicións establecidas nos contratos e nos pregos, adoptando as medidas de seguridade e prevención máxima, que deberán comunicar aos empregados e, se for o caso, facilitándolles credencial para xustificar de modo suficiente o seu desprazamento ao Parlamento.

En aplicación do antedito Plan de continxencia, o sábado 14 de marzo, primeiro día efectivo da entrada en vigor do estado de alarma, interrompeuse a prestación do servizo de cafetería, comedor e servizos complementarios (expediente SRI-PA-8/2018). Seranlle de aplicación a este contrato as medidas establecidas no art. 34 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Visto o informe emitido polo Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia e en virtude da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria na Presidencia da Cámara, aprobada por acordo da Mesa da Deputación Permanente do 14 de febreiro de 2020,

#### RESOLVO:

1. Requirirille ao único licitador no expediente SRI-NSP-1-2020, de redacción do proxecto básico e de execución, e dirección de obra da remodelación da recepción de visitas e humanización e mellora da accesibilidade para unha sede aberta do Parlamento de Galicia, a súa conformidade para non suspender os trámites da contratación e, en caso de resposta afirmativa, continuar a tramitación ordinaria do expediente. No caso de que a resposta for negativa suspenderase a tramitación do expediente.

2. Suspender a tramitación do expediente STI-NSP-2-2020, de subministración de computadores portátiles para a XI lexislatura mentres dure o estado de alarma decretado ou, se for o caso, a súa prórroga, polo menos mentres se estenda nos seus actuais termos.

3. Suspender a tramitación do expediente STI-PA.STA-3/2020 de subministración e servizo de mantemento dun sistema de alimentación ininterrompida mentres dure o estado de alarma decretado ou, se for o caso a súa prórroga, polo menos mentres se estenda nos seus actuais termos.

4. Non se suspenderán os contratos de prestación de servizos e de subministración cuxa actividade non fose paralizada como consecuencia da declaración do estado de alarma establecida polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, sen prexuízo da aplicación das disposicións establecidas no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable



para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

5. Suspender a execución do contrato de servizo de cafetaría, comedores e servizos complementarios (expediente SRI-PA-8/2018) con efectos desde o 14 de marzo de 2020, data de entrada en vigor do estado de alarma. Serán de aplicación a este contrato as medidas establecidas no artigo 34 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

6. A contratación menor non está excluída dos efectos establecidos pola declaración do estado de alarma. No entanto, seguiranse tramitando aquelas contratacións que non permitan demora na súa xestión, por seren imprescindibles para o normal funcionamento dos distintos servizos do Parlamento que foron declarados esenciais polo Acordo da Mesa da Deputación Permanente, do 13 de marzo de 2020, polo que se aproba o Plan de continxencia do Parlamento de Galicia.

Dado que a totalidade do persoal do Parlamento está a realizar as súas funcións en modo electrónico, cambiarase a tramitación actual dos expedientes de contratación menor, só parcialmente electrónica, e realizarase totalmente deste modo.

7. Respecto aos contratos patrimoniais, poderá continuarse coa tramitación daqueles contratos pendentes que se estime que non é necesario demorar e sexa posible adecuar a súa posterior formalización ás prescricións recollidas no Real decreto lei 8/2020.

8. Comunicarlle esta resolución aos interesados, ao Servizo de Persoal e Réxime interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

9. Publicar esta Resolución na plataforma de contratos de Galicia (perfil de contratante) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2020

Miguel Angel Santalices Vieira

Presidente



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

